



Número 248

VI lexislatura

3 de decembro de 2002

SUMARIO

2. Procedementos especiais de carácter institucional

2.2. Moción de censura

— Moción de censura, presentada por once deputados e seis deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Emilio Pérez Touriño como candidato á presidencia da Xunta de Galicia.

Doc. núm. 6901

12649

2. Procedementos especiais de carácter institucional

2.2. Moción de censura

Moción de censura, presentada por once deputados e seis deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Emilio Pérez Touriño como candidato á presidencia da Xunta de Galicia.

Doc. núm. 6901

Presidencia


En execución do acordo adoptado pola Mesa o día 2 de decembro de 2002 e para cumprilo disposto no artigo 138.2, en concordancia co artigo 65 do Regulamento da Cámara, ordeno a publicación da presentada por once deputados e seis deputadas pertencentes ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para esixi-la responsabilidade política da Xunta de Galicia, do seu presidente e dos conselleiros, e que inclúe a D. Emilio Pérez Touriño como candidato á presidencia da Xunta de Galicia (doc. núm. 6901).

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2002

José María García Leira

Presidente

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

O día 13 de novembro os galegos tivemos coñecemento de que o petroleiro "Prestige, con 77.000 toneladas de fuel, se atopaba á deriva a 30 millas da costa de Fisterra. O que en principio puido ser un accidente desgraciado, convertiuse no maior desastre ecolóxico, económico e social da historia recente de Galicia, agravado pola falla de liderazgo amosada na solución da crise.

Os socialistas actuamos responsablemente estando coa xente nas zonas afectadas, ofrecimos a nosa colaboración ó Goberno da Xunta e, por iso, planteamos a necesidade de celebrar un Pleno extraordinario do Parlamento de Galicia para que a Xunta explicara a dimensión real do problema, as accións levadas a cabo, as previsións da evolución da marea negra, as accións a desenvolver e para conformar a opinión do Parlamento a través das propostas dos Grupos Parlamentarios.


Cremos os socialistas que ante os problemas do país, os cidadáns demandan responsablemente a colaboración entre o Goberno e a oposición e, por iso, fixemos aportacións en positivo para contribuír a paliar as gravísimas consecuencias, para miles de familias, a economía e o medio ambiente en Galicia ocasionada pola marea negra sobre as nosas costas.

O Grupo Parlamentario do PP opúxose á celebración deste Pleno, impedindo e despreciando a colaboración leal dos grupos da oposición.

Para os socialistas o exercicio do autogoberno é poñerse ó fronte da solución dos problemas do país, especialmente en situación de crise, levando ás últimas consecuencias o exercicio das competencias propias derivadas do Estatuto de Autonomía e o abano competencial de Galicia esixindo con firmeza o cumprimento efectivo das dos demais.



Grupo Parlamentar




O Goberno popular optou, dende o principio, por minimizar e ocultar a verdadeira dimensión catastrófica que estaba alcanzando a marea negra do Prestige. A falta de liderazgo, de asunción da responsabilidade de gobernar do presidente do Goberno galego na solución do problema, a carencia dun plan operativo de emerxencia, propiciou a descoordinación, a falla de medios, a desinformación intencionada e a inhibición do Goberno de España.

No mesmo día no que a marea negra chegaba á Costa da Morte, o presidente da Xunta abandoaba o país dándolle a espalda a Galicia nos momentos máis decisivos da crise. Fraga ausentouse e fixo deixación das súas responsabilidades como presidente do Goberno de Galicia de maneira absolutamente inxustificable, cando os cidadáns máis necesitaban a proximidade e seguridade dos poderes públicos, con información puntual e veraz sobre a situación real da crise e as medidas adoptadas para paliar e minimizar os seus efectos.

Este abandono do país por parte do presidente da Xunta produxo nos galegos máis a sensación de desamparo que de indignación. Non se trata só de que nos sete primeiros días da crise o presidente da Xunta estivese practicamente desaparecido, senón que, nas 48 horas seguintes á invasión das costas galegas polo fuel, conscientemente, e con pleno coñecemento de causa, o presidente deu a espalda a Galicia, ausentándose cando o país máis o necesitaba. O patriotismo, para os socialistas, é estar ó lado dos cidadáns especialmente en situacións de crise.

O abandono do presidente da Xunta da súa responsabilidade ó fronte da solución da crise, facilitou e propiciou a falla absoluta de dirección de xestión da crise e a ausencia de responsables do Goberno de España durante máis dunha semana, ademáis de evidenciar así a falla de recursos do Goberno, cunha carencia absoluta de medios e recursos elementais para loitar contra a marea negra nunha comunidade que hoxe por hoxe é unha





zona de alto risco en relación co transporte de mercadorías contaminantes e perigosas.

A parálise e a incapacidade do Goberno da Xunta e do seu presidente para tomar as rendas ante a opinión pública foi o caldo de cultivo que propiciou as informacións falsas, a descoordinación nas actuacións, a falta de medios e a desinformación nas zonas afectadas.

Todo iso reflexa unha grave irresponsabilidade dun Goberno esgotado cunha remodelación anunciada e inmerso nun longo e intenso proceso sucesorio no PP.


Só dende a sensación de impunidade e da irresponsabilidade máis absoluta pode o presidente manifestar que “a crise vai como a seda”, cando tódolos galegos somos conscientes de que estamos asistindo ó desastre social, económico e medio ambiental máis grave da historia de Galicia.

O Goberno galego, co Sr. Fraga ó fronte están practicando a política de “sálvese quen poida”, de eludir as responsabilidades propias de disculpar a negligencia do Goberno do Sr. Aznar e de atacar á oposición.

Frente a esta actitude, os galegos esiximos explicacións pola falta absoluta de previsión, dun plan operativo de emerxencia, descoordinación, desinformación permanente e carencia de medios, polo retraso na solicitude de axuda internacional e mesmo o seu rexeitamento, de quen e porque se toma a decisión de converter o Prestige nunha regadeira flotante, en definitiva, do conxunto de desastros que se produciron ó longo destes días. En definitiva, ten sido a acción do Goberno un elemento principal para converter o accidente dun petroleiro na catástrofe económica, ecolóxica e medioambiental máis importante da historia de Galicia.

A actitude do Goberno galego fronte a esta crise confirma que estamos ante un Goberno e un presidente esgotado, sen ambición, sen





iniciativa e incapaz de exercer o autogoberno que Galicia necesita para afrontar con solvencia os retos dun mundo sen fronteiras.


É un Goberno que abandonou os obxectivos de converxencia real con España e Europa, de reducir os déficits de capital físico, tecnolóxico, emprego estable e benestar social.

En definitiva, renunciou á modernización e capitalización do país, a aumentar o capital físico, desenvolvemento tecnolóxico e a formación do noso capital humano para garantir a capacidade de crecemento económico e benestar social futuro.

A ausencia de políticas solidarias de vivenda e de creación dunha rede de servizos sociais, e a renuncia a mellorar a calidade da sanidade pública solucionando, entre outros, o problema das listas de espera, imposibilitan a emancipación da xente moza, a conciliación da vida laboral e familiar, o desenvolvemento dun proxecto vital e profesional de tódolos membros da unidade familiar e, en definitiva, a mellora da calidade de vida dos galegos.

Un Goberno que en doce anos non apostou pola modernización do país e o equilibrio territorial, careceu de políticas relevantes de modernización para a agricultura e pesca, sectores básicos da nosa economía e que teñen que xogar un papel principal no desenvolvemento sostible do país, de políticas encamiñadas á fixación da poboación no interior do país, a complementariedade de rendas das familias que viven da agricultura, gandeiría e pesca; á vertebración territorial, pola conexión coas áreas máis dinámicas dende o punto de vista social e económico. En definitiva, reflíctese a ausencia dun proxecto de país, a ambición de converter a Galicia nun territorio competitivo e atractivo e, polo tanto, a renuncia ó obxectivo da converxencia real –en termos de renda, emprego e benestar- coa U.E.


Grupo Parlamentario



O Goberno da Xunta optou por unha política clientelar, de mesturar os intereses do partido cos intereses do país non respetado as regras de xogo democráticas.

Por tódalas razóns expostas, os deputados e deputadas abaixo asinantes, todos eles membros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, tendo en conta o disposto nos artigos 10.1.e), 15.4 e 17 do Estatuto de Autonomía de Galicia e nos artigos 45 e 46 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e máis ó abeiro do disposto nos artigos 137 e 138 do Regulamento da Cámara, solicitan que o Parlamento de Galicia esixa a responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos conselleiros que a integran mediante a adopción dunha moción de censura, e nominan a D. Emilio Pérez Touriño como candidato á presidencia da Xunta, en cumprimento do requisito establecido no artigo 138.1 do devandito Regulamento.

Parlamento de Galicia, 30 de novembro de 2002




Asdo: Emilio Pérez Touriño
Portavoz do G.P. dos
Socialistas de Galicia




Asdo: Ismael Rego González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia




Asdo: María Dolores Villarino Santiago
Deputada do G.P. dos Socialistas
de Galicia



Asdo: Natividad González Laso
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asdo: Pablo López Vidal
Deputado do G.P. dos Socialistas
de Galicia



Asdo: José Luis Méndez Romeu
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

30 NOV. 2002

Núm.: 6901

PSG
PSOE

Asdo: Francisco Cerviño González
Deputado do G.P. dos Socialistas
de Galicia

Asdo: Miguel Cortizo Nieto
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Francisco Sineiro García
Deputado do G.P. dos Socialistas
de Galicia

Asdo: María Soledad Soneira Tajés
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Ricardo Varela Sánchez
Deputado do G.P. dos Socialistas
de Galicia

Asdo: Margarita Pérez Herraiz
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia


Asdo: Laura Seara Sobrado
Deputada do G.P. dos
Socialistas de Galicia

Asdo: Manuel Luís Rodríguez González
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Antón Louro Goyanes
Deputado do G.P. dos
Socialistas de Galicia

Asdo: Modesto Pose Mesura
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: María Carme Vallego Calvar
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS

1.1.1 LEIS

1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO

1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO

1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI

1.2.1 PROXECTOS DE LEI

1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI

1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR

1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS

1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO

1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS

1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS

2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

2.1 INVESTIDURA

2.2 MOCIÓN DE CENSURA

2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA

3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS

3.1.2 OBXECCIÓNS

3.1.3 DICTAME DA COMISIÓN

3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO

3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS

3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

3.3.1 PROGRAMAS E PLANS

3.3.2 INFORME DA PONECIA

3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS

3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

3.5 MOCIÓNS

3.5.1 MOCIÓNS

3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS

3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS

3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI

3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO

3.6.1.1 PROPOSICIÓNS

3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS

3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN

3.6.2.1 PROPOSICIÓNS

3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS

3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS

3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA

3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS

3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO

4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN

4.2 INTERPELACIÓNS

4.3 PREGUNTAS

4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO

4.3.1.1 PREGUNTAS URGENTES

4.3.1.2 PREGUNTAS Ó PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

(Continúa)

- 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
- 4.3.3 PREGUNTAS POR ESCRITO
- 4.4 RESPÓSTAS A PREGUNTAS
- 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE Ó GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS Ó VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS Ó CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
- 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
- 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
- 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
- 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Álvarez Blanco, Salomé	(BNG)
2.- Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3.- Álvarez Montes, Marta	(PP)
4.- Amarello de Castro, Fernando	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8.- Bueno Berrio-Atehortua, Marisol	(PP)
9.- Caldelas Fernández, María Josefa	(PP)
10.- Casares González, Juan Manuel	(PP)
11.- Castedo Carballo, Remedios	(PP)
12.- Castro García, Roberto	(PP)
13.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
14.- Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE)
15.- Culíña Crespo, Xosé	(PP)
16.- Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
17.- Díaz Vázquez, Manuel	(PP)
18.- Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
19.- Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
20.- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
21.- Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
22.- Gago Álvarez, Cástor	(PP)
23.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
24.- García Leira, José María	(PP)
25.- García Negro, María Pilar	(BNG)
26.- González Laso, Natividad	(PSdeG-PSOE)
27.- González Loroño, Beatriz	(PP)
28.- Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
29.- Janza Muñiz, Paula	(PP)
30.- Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
31.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
32.- López Abella, Susana	(PP)
33.- López Besteiro, Manuela	(PP)
34.- López Díaz, Victoria Eugenia	(PP)
35.- López García, Sergio	(PP)
36.- López Outeiral, Manuel	(PP)
37.- López Pérez, Emilio	(BNG)
38.- López Veiga, Enrique César	(PP)
39.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
40.- Louro Goyanes, Antón	(PSdeG-PSOE)
41.- Madarro González, Elisa	(PP)
42.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
43.- Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
44.- Novo Arrojo, María Teretxa	(BNG)
45.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
46.- Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
47.- Pérez Herralz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
48.- Pérez Touño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
49.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
50.- Porro Martínez, María Corina	(PP)
51.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
52.- Ramallo Vázquez, María Pilar	(PP)
53.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
54.- Reviejo Ares, Miguel Ángel	(PP)
55.- Rodríguez Corcoba, Fernando	(PP)
56.- Rodríguez Cuervo, Inmaculada	(PP)
57.- Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
59.- Rodríguez González, Manuel Luis	(PSdeG-PSOE)
60.- Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
61.- Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
63.- Ruiz Rivas, Manuel Santos	(PP)
64.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65.- Seara Sobrado, Laura	(PSdeG-PSOE)
66.- Sestelo Fernández, Ramón	(PP)
67.- Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE)
68.- Sonelira Tajas, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
69.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
70.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
71.- Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
72.- Trigo Durán, Francisco	(BNG)
73.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
74.- Veiga Buxán, Xesús Manuel	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727